

## **NORMAS PARA A SOLICITUDE E CONCESIÓN DE CAMBIO DE GRUPO NO GRAO EN SOCIOLOXÍA**

Nesta normativa tratase de reflectir un procedemento que permita ao alumnado do Grao en Socioloxía, nos supostos recollidos na regulación aplicable, a posibilidade de cambio de grupo:

### **1. Estudantes a tempo parcial:**

Segundo a “Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de Grao e Master na Universidade da Coruña” (Aprobada no Consello de Goberno do 28 de xuño do 2016) no seu artigo 6 apartado a) reconece o seguintes efectos da matrícula en réxime de estudos a tempo parcial: “O dereito preferente a elixir quenda cando existan dous ou máis grupos con horarios diferentes nunha determinada materia ou disciplina”.

O cambio suporá o cambio global para todas as materias en que estea matriculada a persoa solicitante.

### **2. Estudantes a tempo completo:**

Tentaranse solucionar aqueles supostos en que o estudantado, por circunstancias alleas á propia organización académica, non está en condicións de cursar as ensinanzas no/s grupo/s asignado/s e solicita de xeito expreso o cambio a un/s grupo/s que resulte/n compatible/s, na medida do posible, coas súas circunstancias laborais, persoais ou familiares.

O cambio suporá o cambio global para todas as materias en que estea matriculada a persoa solicitante.

Poderán solicitar cambio de grupo os estudantes a tempo completo que acrediten algún dos seguintes supostos:

a) Ter, durante o curso académico, unha relación laboral cunha duración mínima de 90 días. Esta circunstancia deberá ser acreditada mediante a achega do contrato de traballo ou nomeamento administrativo, no seu caso, e a documentación xustificativa de estar dado de alta na Seguridade Social ou réxime equiparable.

b) Estar afectado por una discapacidade física, psíquica ou sensorial, nun grao igual ou superior ao 33 por cento. Deberá acreditarse mediante certificación emitida polo organismo competente para o recoñecemento desta discapacidade.

c) Ter a consideración de cuidador principal de persoas dependentes. Esta situación acreditarase mediante a presentación da documentación oficial que a xustifique e/ou a certificación expedida polo organismo competente acreditativa da súa circunstancia como cuidador nunha situación de dependencia.

d) Desempeñar labores de representación estudantil ou de cooperación e voluntariado. Esta circunstancia acreditarase a través da certificación da correspondente oficina da Universidade ou, no seu caso, naquela organización na que desenvolva o seu labor.

e) Ter fillo/s menor/es de tres anos ao seu cargo, debendo acreditarlo mediante a achega da documentación xustificativa desta situación

f) Ter a consideración de vítima de actos de terrorismo. Esta consideración xustificarse de forma que se indique na Normativa de Xestión Académica que a UDC aprobe cada curso.

g) Ter a consideración de vítima de violencia de xénero. Esta consideración xustificarse de forma que se indique na Normativa de Xestión Académica que a UDC aprobe cada curso.

h) Ter a consideración de deportista de "alto nivel" e alto rendemento; debendo acreditarlo mediante a achega da documentación que acredite esta condición

i) Ser maior de 45 anos.

j) Estar incluído no ámbito de aplicación dun convenio suscrito con outras universidades que contemplan esta situación, para garantir a mobilidade dos estudantes.

k) A Comisión Académica reservarase o dereito de aprobar outras solicitudes sempre que estas melloren a distribución dos grupos ou para facilitar, por exemplo, a asistencia a clase ao alumnado que está matriculado de materias de distintos cursos.

### **3. Modalidade de Permutas ou "Cambios Pareados":**

Unha solicitude de cambio pareado esixe o acordo de dous estudantes matriculados nas mesmas materias de dous grupos diferentes para se intercambiaren o grupo, de maneira que o tamaño dos grupos afectados non teña ningunha variación. As solicitudes formularanse co modelo de instancia establecido (Anexo II) e virán necesariamente asinadas polos dous interesados no caso dos "cambios pareados".

### **4. Procedemento para o cambio de grupo.**

O cambio será solicitado mediante instancia dirixida ao/á decano/a (Anexo I e II) e deberanse presentar na Secretaría do Centro.

A comezo de cada curso académico o Decanato abrirá un prazo para que os estudantes soliciten un cambio de grupo en base ao disposto neste regulamento.

Os/As solicitantes acompañarán a instancia coa documentación xustificativa necesaria.

Non se considerarán as solicitudes presentadas fóra do prazo indicado, as que non se axusten aos supostos contemplados na normativa ou as que non se acompañen coa documentación requirida no regulamento.

Se hai varias solicitudes dun mesmo grupo de situación que non puidesen ser atendidas os/as estudantes serán seleccionados/as en función da nota media do seu expediente (ou nota de acceso, para estudantes do primeiro curso)

A resolución das solicitudes de cambios de grupo será competencia da Comisión Académico Docente de Relacións Internacionais e de Garantía de Calidade da Facultade de Socioloxía.

Toda solicitude presentada fóra de prazo non será atendida.

A solicitudes que non estean debidamente documentadas serán desestimadas.

A resolución será comunicada vía correo electrónico e no taboleiro de estudantes do centro.

**ANEXO I**

**SOLICITUDE DE CAMBIO DE GRUPO NO GRAO EN SOCIOLOXÍA**

**DATOS PERSOAIS:**

Apelidos e Nome:	D.N.I./N.I.E./Pasaporte:
E-mail:	Teléfono:

**DATOS ACADÉMICOS:**

Titulación:	Curso:	Ano académico:
-------------	--------	----------------

**EXPÓN QUE** *(Indique o/s motivo/s alegados):*

**SOLICITA o seguinte cambio de grupo:**

- Grupo Asignado:
- Grupo Solicitado:

A Coruña, a de do

Sinatura do/a Solicitante

**SRA. DECANA DA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

**ANEXO II**

**SOLICITUDE DE CAMBIO DE GRUPO PAREADO NO GRAO EN SOCIOLOXÍA**

**DATOS DO SOLICITANTE 1:**

Apelidos e Nome:		D.N.I./N.I.E./Pasaporte:	
E-mail:		Teléfono:	
Titulación:	Curso:		Ano académico:
Grupo asignado:		Grupo solicitado:	

**DATOS DO SOLICITANTE 2:**

Apelidos e Nome:		D.N.I./N.I.E./Pasaporte:	
E-mail:		Teléfono:	
Titulación:	Curso:		Ano académico:
Grupo asignado:		Grupo solicitado:	

A Coruña, a      de      do

Sinaturas dos/as Solicitantes

Solicitante 1:

Solicitante 2:

**SRA. DECANA DA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**